

XEOLOXÍA

RUTA DO PALEOZOICO LUCENSE

Data 05/04/2015
Itinerario Vilafiz//Resemil//Vigo//Bacurín//Pena de fornos//A pena//Pena da Culpa//O Caínzo//A Fraga//Monte de Liz//Monte Picato
Distancia 13 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

RUTA DA XEOLOXÍA DO CAMIÑO

Data 03/05/2015
Itinerario Vilaestévez//Seoane//O Burgo//Golmar//Santalla de Bóveda//Vilanova//Valín//San Román de Retorta
Distancia 14 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante

RUTA DOS FÓSILES

Data 07/06/2015
Itinerario San Paio//Pena da Raia//Mendreras//A Cortevella//Cabreira//San Paio
Distancia 21 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias
Observacións Dificultade moderada. Levar calzado e roupa

adecuada e ir ben provistos de comida, bebida e protección solar (crema e gorro)

RUTA DOS RÍOS DE LUGO

Data 19/07/2015
Itinerario Piago//Insua de Seivane//Ribeira alta do Miño//Río Mera//Monte Segade
Distancia 16 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias
Observacións En Seivane darase a volta á insua e na zona do Mera tamén se fará o circuíto completo

O CORGO. TERRAS BAIXAS, TERRAS ALTAS

Data 23/08/2015
Itinerario O Corgo//Guimarás//Lagoa de Gomeán//O Val//Ponte de Aldegunde//Santalla do Alto//Vigo
Distancia 12 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante. Nun bar do campo da festa de Gomeán

RUTA DO MONTE MÁXICO

Data 27/09/2015
Itinerario Rábade//Penas de Castro (Martul)//Penas de Rodas
Distancia 15 Km
Xantar Posibilidade de

xantar en restaurante en Rábade

RUTA DO XEOPARQUE DE PORTOMARÍN

Data 08/11/2015
Itinerario A Barreira//San Xulián//Vilar//Bagude//Marxes do río Ferreira//Portomarín
Distancia 18 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante en Portomarín
Observacións Nos 18 Km calculados como distancia da ruta hai que contar que se inclúen varios traslados en autobúis duns puntos a outros xa que se percorrerá gran parte do municipio. Aínda así estimamos que a andaina será duns 10 Km aproximadamente

RUTA DAS ARXILAS

Data 08/12/2015
Itinerario Bocamaos//Cardelle//Os campos//Muxa (Santa Maria de A Eirexe)
Distancia 12 Km
Accesibilidade Si
Xantar Xantar de campo nunha praciña na aldea de Campos. Hai que levar comida e bebida propias

BIOLOXÍA

RUTA DA FERVENZA

Data 19/04/2015
Itinerario Percorrido á beira do río Miño desde o río Rato ata a Casa Grande da Fervenza
Distancia 17 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias.

RUTA MAPACHES

Data 10/05/2015
Itinerario Percorrido a pe pola beira do río Miño desde Rábade ata Ombreiro
Distancia 16 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

RUTA DOS TRES RÍOS

Data 28/06/2015
Itinerario Gran ruta composta pola Ruta dos Muíños (río Mera), Miño aberto, río abaixo (río Miño) e polas carballeiras do Rato (río Rato)
Distancia 15 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

RUTA DAS INSUAS E CIRCULAR LAGOA DE COSPEITO

Data 02/08/2015
Itinerario Ruta circular

das Insuas, visitando as Insuas do Miño (Rábade e Outeiro de Rei). Pola tarde farase a Circular da Lagoa de Cospeito
Distancia 11 Km
Xantar Posibilidade de xantar o polbo na Feira de Rábade

RUTA CAMIÑO DO MIÑO

Data 06/09/2015
Itinerario Percorrido á beira do río Miño desde Sisoi ata Hombreiro
Distancia 17 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

RUTA RÍOS PARGA E LADRA

Data 20/09/2015
Itinerario Viaxe a pe desde Parga (Guitiriz) ata Begonte
Distancia 14 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

RUTA LAGOS DE TEIXEIRO E CARBALLEIRA DO MONTE MAIOR

Data 22/11/2015
Itinerario Visita ós Lagos de Teixeira e percorrido a pe ata a carballeira do Monte Maior
Distancia 11 Km
Xantar Xantar de campo.

Hai que levar comida e bebida propias

RUTA AS RIBEIRAS ALTAS, MIÑO ARRIBA

Data 20/12/2015
Itinerario Ruta circular que percorre as zonas altas do río Miño, comezando na Ponte Romana e volvendo a cruzar o Miño na ponte da antiga estación elevadora de augas
Distancia 12 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

RUTA DOS COSTUMES

Data 12/04/2015
Itinerario Lugo//Ombreiro
Distancia 14 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante
Observacións Faise todo o traxecto a pé. Non leva autobús

RUTA PEDRAS DA LENDA: DEUSES, COVAS E MOUROS

Data 17/05/2015
Itinerario Lugo//Penas de Rodas//Pena da Moura//Donalbai//Bravos
Distancia 10 Km
Xantar Xantar de campo.

Hai que levar comida e bebida propias

RUTA AS NINFAS DA AUGA: FONTES CURATIVAS NA TRADICIÓN POPULAR

Data 14/06/2015
Itinerario Lugo//O Veral//Corgo
Distancia 20 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

RUTA DOS CRUCEIROS

Data 26/07/2015
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias.
Observacións Durante a visita gozaremos dunha charla dun historiador especializado en cruceiros

RUTA DA MÚSICA E DA DANZA

Data 30/08/2015
Itinerario Muíños río Mera//Monte Segade Lugo//Orbazai//Monte Segade
Distancia 10 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias.
Observacións Faise todo o traxecto a pé. Non leva autobús

RUTA DO TRAXE GALEGO

Data 11/10/2015
Itinerario Lugo
Xantar Polbo nas casetas de San Froilán
Accesibilidade Sí
Observacións Paseo por Lugo para celebrar o Domingo das Mozas percorrendo os tradicionais lugares onde se celebraba a feira de San Froilán

RUTA ELEMENTOS SIMBÓLICOS NA PEREGRINACIÓN XACOBEEA

Data 15/11/2015
Itinerario Lugo//Chanca//Castroverde
Distancia 18 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante

RUTA DOS OFICIOS

Data 13/12/2015
Itinerario Lugo//O Ceao//Pias//Carballido//Bonxe
Distancia 18 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante
Observacións Faise todo o traxecto a pé. Non leva autobús

PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO

SANTALLA DE BÓVEDA. CAMIÑO PRIMITIVO

Datas 02/04/2015//16/08/2015
Itinerario Aldea de Bóveda (templo prerromano)//Ruta Vello Lugo Agrario//Percorrido polo Camiño Primitivo ata San Román da Retorta
Distancia 12 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante
Observacións Visita ao templo de Santalla de Bóveda

OS FRANCESES EN LUGO. A BATALLA DE CONTURIZ

Data 01/05/2015
Itinerario Conturiz//Xacemento de San Romao//San Mamede dos Anxos//Recimil//Quintela de Corbelle//Castro de Viladonga
Distancia 10 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante
Observacións Visita ao castro de Viladonga

AS TORRES MEDIEVAIS

Datas 31/05/2015//01/11/2015
Itinerario Santiago de Meilán//Torres de Riazón, Aez e Narla
Distancia 12 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias

CAMIÑO DOS BESTILLEIROS

Data 05/07/2015
Itinerario Romeán//Adai//Feira Cabalar
Distancia 10 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante

OS FRANCESES EN LUGO. BATALLA DE CONTURIZ

Data 18/10/2015
Itinerario Conturiz//Xacemento de San Romao//San Mamede dos Anxos//Recimil//Quintela de Corbelle//Castro de Viladonga
Distancia 15 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante
Accesibilidade Sí.
Treitos por estrada. Dificultade baixa
Observacións Visita ao castro de Viladonga

SANTALLA DE BÓVEDA. CAMIÑO PRIMITIVO

Data 06/12/2015
Itinerario Santalla de Bóveda//Cabanas//Bacurín//Capela de San Bartolomeu
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante

ARQUITECTURA: IDENTIDADE TERRITORIAL

RUTA ARQUITECTURA DA AUGA

Datas 26/04/2015//12/07/2015
Itinerario O Piago//Santa Isabel
Distancia 8 Km
Xantar Xantar de campo. Hai que levar comida e bebida propias
Observacións Visita á Fundación Manuel María

RUTA ARQUITECTURA TERRITORIAL

Datas 24/05/2015//25/10/2015
Itinerario Valle del Mera
Distancia 5 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante
Observacións Visita guiada ao Templo de Santalla de Bóveda

RUTA ARQUITECTURA TERRITORIAL

Data 09/08/2015
Itinerario Rábade//Penas de Rodas
Distancia 7Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante

RUTA ARQUITECTURA TERRITORIAL

Data 13/09/2015
Itinerario Nadela//O Corgo
Distancia 5 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante

RUTA ARQUITECTURAS ADXECTIVAS

Datas 29/11/2015//27/12/2015
Itinerario Castroverde//Soutomerille
Distancia 4 Km
Xantar Posibilidade de xantar en restaurante



Descubre as Terras de Auga e Cultura!
Corenta excursións pola zona rural de Lugo e os concellos
límtrofes para coñecer o patrimonio natural, arquitectónico
e cultural que se conserva nas nosas parroquias.

excursións TERRAS de AUGA e CULTURA 2015

FUNCIONAMENTO DAS EXCURSIÓN

— O programa inclúe un total de 40 excursións a celebrar desde o 2 de abril ao 27 de decembro de 2015 os domingos (excepto o 21 de xuño, por coincidir co Arde Lucus, e o 4 de outubro, por ser San Froilán) e máis algún festivo de relevancia, como é o caso dos días 2 de abril - Xoves Santo-, 1 de maio - Día do Traballo -, e 8 de decembro - Día da Inmaculada.

— Horario das excursións de 10:30 a 19:00 horas de marzo a outubro e de 10:30 a 18:00 horas os meses de horario de inverno. Dependendo de que se desenvolvan actividades especiais, como algún concerto,

podería modificarse o horario para coincidir con esa actividade, retransándose a saída e a volta.

— O punto de saída e de volta será o tramo peonil da ronda da Muralla, á altura da Porta de Bispo Aguirre.

— O sistema de inscricións será a través da Oficina Municipal de Turismo, con prazo límite para inscribirse fixado ás 14:00 horas do día anterior á celebración da excursión.

— O número máximo de excursionistas será 35 persoas.

— As excursións son gratuítas, excepto os menús do xantar, que sempre corren a cargo dos participantes e calquera outra actividade que poida ser de pago, como excursións a centros de interpretación ou museos.

— Nas excursións que se estableza xantar de campo, os participantes deben levar comida e bebida.

— Ademais, recoméndase levar roupa e calzado cómodos para camiñar e adaptado ás condicións climatolóxicas, así como elementos reflectantes pola súa seguridade, pois hai tramos das

andainas que se fan por estradas. Tamén se recomenda levar sempre bebida e algo de alimento.

— Das corenta excursións, precísase autobús para 36 delas, pois hai catro de antropoloxía e etnografía nas que se fai o percorrido a pé.

— No caso de que se teña que suspender algunha visita por circunstancias imprevisibles no momento de programar as excursións, como sería o caso do mal tempo ou de falta de persoas inscritas, a excursión aprazarase para outro día.

TEMÁTICAS DAS EXCURSIÓN

XEOLOXÍA

Viaxe polas parroquias de Terras de Auga e Cultura centradas nas características xeolóxicas que presenta o terreo. Ademais da andaina dirixida e comentada por un xeólogo, desenvolveranse actividades didácticas dirixidas a todos os públicos. O obxecto é que os participantes coñezan os distintos tipos de pedras e rochas que configuran a paisaxe, e os distintos períodos que se poden recoñecer e os distintos usos que se lle da á pedra na terra galega.

BIOLOXÍA

As excursións centradas na natureza abundarán nas características da fauna e da flora, extraordinariamente rica nas parroquias que forman parte de Terras de Auga e Cultura. Estas marchas servirán para que os participantes coñezan os elementos que configuran o medioambiente, como se van facer ao longo de todo o ano, poderán detectar todos os cambios que se producen durante as estacións e, sobre todo, servirán para transmitir a responsabilidade de todas as persoas na conservación do medio.

Ao igual que as rutas xeolóxicas, estas excursións tamén combinan o sendeirismo con actividades didácticas como estudo da flora autóctona ou avistamento de aves e outras especies de animais.

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

Estas andainas están centradas en aspectos como a arquitectura tradicional, os usos da terra, a xerarquización do espazo das parroquias, a influencia do home na paisaxe, os vellos oficios vivos...

O obxectivo destas excursións é recuperar tradicións populares do agro lugués, coñecer as actividades económicas que perviven na zona rural como obradoiros de artesáns, e descubrir aspectos da etnografía do territorio

PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Estas excursións teñen un carácter máis tradicional, serán conducidas por unha guía oficial de turismo que abundará en temas relacionados co patrimonio histórico que se conserva nestas parroquias. Moito deste patrimonio foi identificado no plan de sinalización que se levou a cabo no ano 2013.

Estas son excursións comentadas pola guía e inclúen andainas polas distintas parroquias e visitas a lugares de interese cultural, como o templo de Santalla de Bóveda e as distintas igrexas rurais.

ARQUITECTURA: IDENTIDADE TERRITORIAL

Esta temática é a novidade deste ano, e pensamos que resulta fundamental para poder apreciar a riqueza do patrimonio arquitectónico que se conserva, en mellor ou peor estado, na zona rural. Abórdaranse aspectos da arquitectura e da configuración do territorio que axudarán a coñecer as técnicas arquitectónicas que definen os diferentes exemplos de construción tradicional que podemos atopar nas parroquias lucenses e dos municipios colindantes, como a arquitectura popular, a relixiosa ou a civil. Ademais, facilitarán coñecementos básicos sobre a configuración do territorio.



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo
Xuventude e Promoción da Lingua

